

**Acta núm. 15/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 28 de novembro de 2023.**

ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.

Non asisten:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebal Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 28 de novembro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o segundo tenente de alcalde Carlos Noya Pereira, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2023, DO 07/11/2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.
- 6º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) SOLICITUDES DE PRÓRROGAS DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 10º) ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO CONCILIA NADAL 2023.
- 11º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2023, DO 07.11.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 07.11.2023, acta núm. 14/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARTA BARROS JUIZ na que comunica que vai encintar as fachadas principal da vivenda e da construción anexa, sitas no lugar de San Salvador nº 6 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 7625607NH2472N0001LY) na que se pretenden executar as obras está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,00 euros.

Total: 35,00 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO FERNÁNDEZ LÓPEZ, na que comunica que vai instalar 10 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda da Avda. dos Ánxeles 34-A, Os Ánxeles, segundo a memoria asinada polo enxeñeiro técnico naval Víctor M. Calvo Cheda o 16.10.2023.

A vivenda (referencia catastral 6546334NH2464N0000IS) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 178,21 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 242,78 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ESTHER ALLER NIEVES, na que comunica que vai construír un peche perimetral de parcela en Coruxido 56, Bastavales, coas seguintes características:

- Na fronte da parcela en contacto coa vía pública, o peche farase con zócalo de fábrica de bloque ata 1,20 metros de altura, intercalando postes de ferro en cor verde e malla electrosoldada por enriba, ata unha altura total de 1,80 metros e separado 5,50 metros do eixo do vial.
- Nos lindes dereito, esquerdo e na parte posterior da parcela, o peche farase con postes de formigón, de 1,80 metros de alto, con 3 filas de bloque formigón ata unha altura de 60 cms. e malla electrosoldada por enriba ata unha altura total de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 7505142NH2470N0000TJ) na que se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A fábrica de bloque deberá de enfusarse e pintarse en tonos claros, e a altura da mesma non poderá superar 1,20 metros medidos á rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 121,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 185,71 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PEDRO ÓSCAR SANTAMARÍA ESTEPAR, na que comunica que vai construír un peche perimetral na parcela nº 538 de concentración parcelaria, sita no lugar de Guisande, Os Ánxeles, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro agrónomo José Carlos Nieto Maneiro o 13.11.2023.

A parcela (referencias catastrais 6632710NH2463S0001UR e 15013B505005380000MA) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións, solo de núcleo rural (SNR), dentro da área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2), e solo rústico, en dúas categorías, solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de cauces dentro da zona de policía do rego de Perros.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 06.10.2023 (expte. DH.W15.94238), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto asinado polo enxeñeiro agrónomo José Carlos Nieto Maneiro o 13.11.2023.
- O peche afastarase 5,50 metros do eixo do vial, nos lindes que dan fronte a viais públicos, de acordo coa normativa municipal.
- Os peches opacos, xa sexan de fábrica ou de formigón deberán quedar convenientemente revestidos e pintados en tonos claros.
- A altura máxima do peche na parte de solo de núcleo rural será de 1.80 m., e na parte rústica de 1.50 m.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 469,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 534,55 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por David Vázquez González, que di actuar en representación de JOSE MANUEL VÁZQUEZ ARMESTO, na que comunica que vai construír un peche na fronte de varias parcelas contiguas, en contacto con dous viais públicos, sitas en Guimaráns – O Casal; segundo a memoria técnica asinada polos arquitectos Francisco Manuel Rodríguez Nieto e David Vázquez González o 27.04.2013.

O peche terá unha lonxitude de 73,25 m. e farase con postes de madeira de sección circular e 15 cms. de sección, acadando unha altura total de 1,50 metros.

Tamén se vai instalar un portalón de entrada no extremo sur do peche, con fronte ao vial público que conduce á aldea do Casal, o portalón farase de postes de madeira, e terá unha altura total de 1,50 metros, conformado por dúas follas abatibles de 1,20 metros respectivamente, para un ancho total de 2,40 metros, e situarase a 1,05 metros do extremo sur do peche.

As parcelas (referencias catastrais 15013A031006680000UX, 15013A031006690000UI, 15013A031006700000UD, 15013A031006750000US, e 15013A031006770000UU) onde se pretenden executar as obras emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico apto para urbanizar (RAU), e de acordo coa Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG), apartado segundo, letra b), o réxime aplicable é o establecido pola presente lei para o solo rústico. As parcelas sitúanse dentro da zona de afección do río Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 30.01.2023 e posterior modificación de data 15.09.2023, (expte. DH.W15.86694), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 30.01.2023 e posterior modificación de data 15.09.2023, (expte. DH.W15.86694).
- O peche afastarase a 4 metros do eixo dos viais públicos cos que está en contacto, e terá unha altura máxima de 1.50 m.
- As follas do portalón deberán de abrir cara ao interior da finca.

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,87 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada José Gómez Villar, que di actuar en representación de EVA GÓMEZ NEO, na que comunica que vai facer un pozo de barrena para usos privativos e dar subministro de auga potable a unha parcela sita na rúa da Pomba 6- Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6747206NH2464N0001UD) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución de Augas de Galicia de data 16.10.2023, (clave DH.B15.87271), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O pozo afastarase a máis de 3 metros dos lindes da parcela e a 12 metros do eixo do vial.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ SANTIAGO VIDAL FREIRE, na que comunica que vai arranxar e mellorar as condicións do solado de 32 m²., situado na parte dianteira da vivenda de Amañecida nº 7 – A Luaña, aplicando unha capa de formigón sobre mallazo.

A parcela (referencia catastral 9239401NH1493N0001QL) na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo planeamento como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1) e sitúase dentro da zona de protección da estrada provincial DP-1301.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña de data 06.11.2023 (expte. 2023000034908), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A obra axustarase ás condicións técnicas e prevencións que se fixan na autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MIGUEL ANGEL ROMERO BARCO, na que comunica que vai construír un peche na parte traseira dunha parcela sita no lugar do Casal – Brión, o peche terá unha lonxitude aproximada de 48 m. lineais e farase cunha base ou

zócalo de fábrica de formigón de 60 cms. de altura, postes ata unha altura total de 1,50 metros e arame por enriba, afastándose 5 m. da beira do rego.

A parcela (referencia catastral 15013B506004030000MK), onde se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico, parte da mesma como solo rústico de protección de recursos hídricos, e parte como solo rústico ordinario, e a totalidade da parcela sitúase dentro da zona de protección de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 02.11.2023 (expte. DH.W15.93864), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustarase ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 02.11.2023 (expte. DH.W15.93864).
- A altura total do peche, postes incluídos non poderá exceder de 1,50 metros.
- A base ou parte opaca do peche deberá de enfusarse e pintarse en tons claros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,32 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 99,89 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da Comunidade de Propietarios Balneario do Tremo, Bloque C, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha galería, por mor dos problemas de estanquidade que afectan as vivendas 3º B do portal 10, e 3º B do portal 11, pertencentes ao bloque C da urbanización Balneario do Tremo- Os Ánxeles.

O bloque de vivendas onde se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 115,37 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 7,5 kw á vivenda de o Cabo nº 24 - Bastavales (referencia catastral 7645812NH2474N0001XH). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha

gaba de 12 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez o 24.10.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 227,87 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 45,58 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,15 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Fco. Javier Fernández Echeverría, que di actuar en representación de JORGE RAMÓN SAA GARCÍA e JULIA GRACIELA ROMANO NOYA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Adoufe 21, Os Ánxeles.

Con data 14/09/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Jorge Ramón Saa García e Julia Graciela Romano Noya, para construír unha vivenda unifamiliar en Adoufe 21, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado o 08.01.2021 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (n.r.e. 2100049).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría con data 02.08.2023, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.08.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan Antonio Millán Figueirido, que di actuar en representación de IRENE LÓPEZ SAMPEDRO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en San Salvador 36, Bastavales.

Con data 20/05/2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Irene López Sampedro e José Vicente Castro Puga para construír unha vivenda unifamiliar en San Salvador nº 36 – Bastavales, segundo o proxecto de execución redactado polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17/04/2020 e 29/04/2020 (n.r.e.: 2001799).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido, con data 10.10.2022, visado polo Colexio oficial correspondente con data 07.11.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO .- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jaime Novoa Míguez, que di actuar en representación de IAGO COUTO GERPE, na que comunica o inicio da actividade de oficina de xestión para o reparto de publicidade, nun local sito na planta baixa do edificio de vivendas da Praza do Concello nº 2, baixo C, que anteriormente viña desempeñando a actividade de perruquería, segundo a memoria de actividade redactada polo arquitecto Jaime Novoa Míguez, asinada o 06.10.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do local para a actividade de oficina de xestión para o reparto de publicidade, nun local sito na planta baixa do edificio de vivendas da Praza do Concello nº 2, baixo C, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenza actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

SEXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por M^a CARMEN TRONCEDA AGRAFOJO, na que solicita licenza de segregación segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 31.10.2023, visado número 20231070.

Descrición das parcelas de orixe:

Parcela (825)

Referencias catastrais núm. 7403611NH2470S0001PE e 15013B503008250000MK.

Superficie (segundo medición recente): 5.987 m2.

Lindes:

Norte: Ramón García Bello (810) e Leoncio Vigo Gómez (813).

Sur: Zona excluída e Celia Rivas Martínez (826).

Leste: con Amelia Verde Otero (827).

Oeste: con camiño.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse parte sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (3.462 m2), séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1) e parte sobre un ámbito clasificado como solo rústico (2.525m2), segundo a Disposición transitoria 1ª da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Parcela (826)

Referencia catastral núm. 7403609NH2470S0001LE.

Superficie (segundo medición recente): 767 m2.

Lindes:
Norte: María Carmen Tronceda Agrafojo (825).
Sur: Zona excluída.
Leste: con Amelia Verde Otero (827).
Oeste: María Carmen Tronceda Agrafojo (825).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse parte sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Segregación pretendida:

Subparcela rústica.

Superficie: 2.525m²

Lindes:

Norte: Ramón García Bello (810) e Leoncio Vigo Gómez (813).

Sur: Subparcela A e Subparcela B

Leste: con Amelia Verde Otero (827).

Oeste: con camiño.

Clasificación urbanística: solo rústico segundo a Disposición transitoria 1ª da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Subparcela A.

Superficie bruta: 2.808 m²

Superficie de cesión: 157 m² (a 4 metros do eixe do vial)

Superficie neta: 2.651 m².

Lindes:

Norte: Subparcela rústica.

Sur: Zona excluída (ref.7403610NH2470S0001QE).

Leste: Subparcela B e Celia Rivas Martínez (826).

Oeste: con camiño.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Subparcela B.

Superficie bruta: 654 m²

Superficie de cesión: non linda con viario.

Superficie neta: 654 m²

Lindes:

Norte: Subparcela rústica.

Sur: Celia Rivas Martínez (826).

Leste: Amelia Verde Otero (827).

Oeste: con parcela Subparcela A.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Agrupación pretendida:

Agrúpase a Subparcela B á Parcela (826):

Superficie bruta: 1.421 m²

Superficie de cesión: non se establece.

Superficie neta: 1.421 m²

Lindes:

Norte: con Subparcela rústica (ref.15013B503008250000MK).

Sur: Zona excluída (ref.7403610NH2470S0001QE e 7403607NH2470S0001QE).

Leste: con Amelia Verde Otero (827).

Oeste: con Subparcela A.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Parcelas resultantes:

Finca rústica propiedade de María Carmen Troncada Agrafojo, 15013B503008250000MK.

Superficie: 2.525m²

Lindes:

Norte: Ramón García Bello (810) e Leoncio Vigo Gómez (813).

Sur: Parcela B (7403611NH2470S0001PE) e Parcela agrupada (7403609NH2470S0001LE).

Leste: con Amelia Verde Otero (827).

Oeste: con camiño.

Clasificación urbanística: solo rústico segundo a Disposición transitoria 1ª da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Finca subparcela A de María Carmen Troncada Agrafojo, ref.7403611NH2470S0001PE.

Superficie bruta: 2.808 m²

Superficie de cesión: 157 m² (a 4 metros do eixe do vial)

Superficie neta: 2.651 m².

Lindes:

Norte: Parcela rústica (ref.15013B503008250000MK).

Sur: Zona excluída

Leste: con parcela agrupada (7403609NH2470S0001LE).

Oeste: con camiño.

Finca agrupada de D. Manuel Troncada Barreiro, ref. 7403609NH2470S0001LE

Superficie bruta: 1.421 m²

Superficie de cesión: non linda con vial

Superficie neta: 1.421 m².

Lindes:

Norte: Parcela rústica (ref.15013B503008250000MK).

Sur: con Zona excluída (ref.7403610NH2470S0001QE e 7403607NH2470S0001QE).

Leste: Amelia Verde Otero (827).

Oeste: con subparcela A.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de: 157 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

SÉTIMO.- SOLICITUDES DE PRÓRROGAS DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por OLAYA QUEIRUGA SANTAMARÍA, na que solicita prórroga do prazo do remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Pomba 7- Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local en data 01.12.2020, concedeu licenza de obras a Olaya Queiruga Santamaría, para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15.05.2020 e documentación complementaria visada o 16.09.2020 e 12.11.2020.

A Xunta de Goberno Local en data 14.12.2021, concedeu modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 01.12.2020 para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles, segundo modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada en Brión redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2021 (n.r.e.: 1902566).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA MARÍA GONZÁLEZ MANZANERO, na que solicita prórroga do prazo para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Gándara 24 – San Salvador.

A Xunta de Goberno Local en data 04.07.2023 concedeu licenza de obras a Ana María González Manzanero e a José Salvador Monserrat Barco, para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 24 – San Salvador, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.06.2022 e documentación complementaria visada o 23.11.2022 e o 15.05.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

OITAVO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de KARINA RARIS CASTRO, solicitando licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar e instalación de piscina no lugar de Guisande 21 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 13.01.2023 e documentación complementaria visada con data 17.11.2023 (Expte. 2300103).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6431315NH2463S0001QR) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e atopase dentro dunha aldea incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa clave identificativa AE3.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 24/10/2023 (expediente 1463/23), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 13.01.2023 e documentación complementaria visada con data 17.11.2023 (Expte. 2300103).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (18 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval ou

fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar e instalación de piscina non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificio (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

.- Deberá cumprir as condicións impostas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 24/10/2023 (expediente 1463/23):

- Na vivenda tradicional existente as novas carpinterías serán sinxelas, sen ornamentos e de madeira nunha cor (aplicándolle un lasur pigmentado ou pintándoa con pintura de acabado mate), de entre as tradicionais existentes na zona (branca, marrón, verde escura etc) e de existir datos, na cor orixinal das carpinterías da edificación. Como referencia pode consultarse a Guía de Cor e Materiais de Galicia, editada no 2017 pola Xunta de Galicia e accesible na Internet mediante os buscadores habituais.

- Procurarase que as pavimentacións no bordo da piscina teñan un cromatismo entoado coa pedra tradicional da zona, para unha aparencia o máis natural posible.

- A instalación da piscina non poderá supoñer a desaparición do hórreo nin a afección á súa estrutura, polo que de estimarse que pode resultar danado reaxustarase en obra a posición da piscina para evitar tal circunstancia, debendo deixarse unha franxa mínima de 15cm respecto da base das cepas do hórreo. Lémbrese que calquera intervención sobre este, incluído o seu traslado, esixe nova autorización da DXPC.

- En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase a Xefatura Territorial da

Coruña da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 18 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 23 de novembro de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.830,78 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 147,37 euros.

Total: 1.978,15 euros.

NOVENO.- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.A.P.Y., con rexistro de entrada no Concello núm. 3316, do 23.11.2023, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación dos seus fillos M.A.Y.P. e I.A.Y.P. nas actividades de: patinaxe, ximnasia rítmica e pintura; e fútbol sala e judo, respectivamente.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 23.11.2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.A.P.Y. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de:

- Fútbol sala: 40,00 €.

- Judo: 20,00 €.

- Patinaxe: 80,00 €.

- Ximnasia rítmica: 40,00 €.

- Pintura: 40,00 €.

Total: 220,00; correspondente á participación dos seus fillos nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

DÉCIMO.- ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO CONCILIA NADAL 2023.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 16.11.2023 de prezo público para a asistencia á actividade de conciliación Concilia Nadal 2023, que se realizará no Concello de Brión no Nadal 2023.

Vistos o informe técnico do 16.11.2023 e o informe de intervención do 20.11.2023.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de conciliación Concilia Nadal 2023, na contía de: 25,00 euros por participante.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

DÉCIMO PRIMEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González